



Un dos indicadores que mide a desigualdade rexional é o nivel de creación de emprego ou a súa taxa de paro.

Aínda que é tan só un dos compoñentes do desenvolvemento territorial, o potencial e dinamismo económico das rexións adoita ser o aspecto máis considerado ao tratar a cuestión dos desequilibrios en España.

### ■ O desenvolvemento económico rexional e os seus principais indicadores

A actividade económica é un compoñente básico na vida das sociedades e os territorios, polo que o bo funcionamento e capacidade de progreso das economías rexionais é un aspecto moi importante. Para avaliar o desenvolvemento económico dunha rexión, normalmente acódease ao estudo dos seguintes aspectos:

- A **capacidade de producir** bens materiais e servizos cos que satisfacer de forma eficiente as necesidades da poboación. Adoita medirse, sobre todo, a través de indicadores como o produto interior bruto (PIB), ou o nivel de produtividade (PIB/ocupado).
- O **nivel de ingresos** por habitante, que se mide a través da renda per cápita, que resulta de dividir a producción total entre o número de habitantes, descontando os impostos. Esta medida permite coñecer a capacidade de consumo dunha sociedade, o que tamén se consegue ao calcular o gasto anual medio por familia ou por persoa, e a cota de mercado, ou porcentaxe do consumo total que se realiza en cada unha das rexións.
- A **creación de emprego** e, en consecuencia, a redución do desemprego ou paro entre a poboación en idade de traballar. Adoitán utilizarse algúns indicadores como a taxa de ocupación ou a taxa de paro, que calculan a proporción de persoas que teñen un posto de traballo ou o buscan sen éxito, sobre o total da poboación en idade activa (16-65 anos).
- O **investimento de capital** realizado na rexión para potenciar o seu desenvolvemento económico futuro, xa sexa en infraestruturas (estradas e autoestradas, redes eléctricas e de telefonía, subministración de auga etc.), coma en investigación e desenvolvemento tecnolóxico (I+D), que hoxe se considera un recurso estratéxico. O gasto en I+D por habitante, ou os quilómetros de autovías e autoestradas por cada 100 km<sup>2</sup> son algúns indicadores habituals neste sentido.

### ■ A evolución das desigualdades económicas rexionais

Na **España preindustrial**, as rexións más prósperas eran as que contaban con terras de cultivo máis fériles e abundante poboación, ou unha importante cantidade de ganado, que eran as principais fontes de riqueza. Por ese motivo, ata o século XVIII, Andalucía e, en menor medida, Castela, foron os principais centros da actividade económica do país.

A partir desa época, a crise do sector agrario provocou o progresivo declive das rexións interiores fronte ao crecemento dalgúns rexións periféricas, en particular Cataluña, que se beneficiaron de maiores intercambios comerciais co exterior para a venda dos seus produtos ou a importación de alimentos. O capital así xerado permitiu investir nas primeiras industrias modernas.

Deste xeito, en 1900, a rexión con maior volume de poboación e PIB seguía sendo Andalucía, pero seguida xa por Cataluña, a Comunidade Valenciana e Castela e León, o que poñía de manifesto ese despazamento a prol das rexións litorais.

Pero a base dos desequilibrios económicos actuais relaciónnase, sobre todo, co **proceso de industrialización**; en particular, coa fase de rápido crecemento da industria na segunda metade do século XX:

- A actividade industrial concentrouse nos **focos catalán, vasco e madrileño**, prolongándose logo polos **eixes mediterráneo, atlántico** e do **Ebro**, que foron as rexións que rexistraron as máximas taxas de crecemento económico e aumento da poboación pola chegada de inmigrantes doutras rexións. O auxe do turismo reforzou o dinamismo das rexións mediterráneas, e difundiuse tamén a ambos os arquipélagos.
- Como contrapunto, as **rexións do interior peninsular** convertéronse en periferias de carácter agrario e cunha débil base industrial, baixas rendas e un progresivo envejecemento, ante a emigración da súa poboación nova.

## ■ Transformacións recentes e desigualdades económicas actuais

Nas últimas décadas producíronse **cambios no dinamismo económico das rexións**, que afectaron ás desigualdades:

- As **rexións metropolitanas** de Madrid e Barcelona foron moi dinámicas, grazas a que contaban cunha economía diversificada, en que se produciu un auxe do sector financeiro, os servizos avanzados e o sector inmobiliario, ademais do mantemento de actividade industrial.
- As **rexións litorais e os dous arquipélagos** seguiron crecendo grazas ao turismo, a construcción, e a todo tipo de actividades comerciais e de servizos á poboación. Ademais, estas rexións mantiveron unha agricultura intensiva de regadío, que hoxe se enfrenta a certa saturación e risco de crise.
- No **eixe atlántico** as rexións de Galicia, o País Vasco e Asturias empezaron pola crise das súas industrias tradicionais e a perda de empregos. Aínda que se recuperaron, en parte, ao modernizar a súa industria e diversificar a súa economía, perderon posicións con respecto a outros territorios do país.
- As **rexións interiores** da Península e Andalucía manteñen o seu menor potencial económico e uns ingresos por persoa inferiores á media española; pero no seu interior identifícanse **áreas emerxentes** onde aumentou o emprego, tanto pola instalación de empresas procedentes do exterior coma polo nacemento de iniciativas locais, en sectores moi diversos: industrias tradicionais, turismo, elaboración e comercialización de produtos agroindustriais de calidade etc.

Os indicadores estatísticos que miden a importancia dunha rexión dentro de España (por exemplo, o seu PIB sobre o total) manteñen a hexemonía dos centros tradicionais, pero aqueles outros de carácter relativo, que os relacionan coa súa poboación, permiten observar mellor eses cambios.

## A C T I V I D A D E S

- Que indicadores permiten identificar o desenvolvemento económico das rexións? Identifícalos e explica en que consisten.
- Como evolucionaron as desigualdades económicas entre as rexións no último século? Como evolucionou a túa rexión?
- Describe os tipos de rexións actuais segundo o seu dinamismo económico, e sitúa a túa propia rexión nese contexto.
- Compara os mapas desta páxina, e precisa en que se asemellan e que diferenzas se aprecian segundo o indicador utilizado.

### Indicadores económicos

